


REGULAMENTO (E PROTOCOLO COVID) XXXVIII GRAN FONDO XXV MEDIO MARATÓN



GRAN FONDO
PONTEVEDRA
2020

PREVIO Á CARREIRA

1. DATA

A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra organizan o domingo 18 de outubro de 2020, a partir das 09:00h o “XXXVIII Gran Fondo - XXV Medio Maratón Pontevedra 2020”.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas dende os 18 e ata os 65 anos (o día da proba) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

A carreira desenvolverase en dúas fases diferenciadas dun máximo de 150 participantes en cada unha de elas; unha con saídas a partir das 09h e outra con saídas a partir das 10.15h (detalle de saídas ver no punto 10). A organización resérvase 20 prazas a maiores para deportistas convidados/as.

A Organización asignará horario definitivo de saída en función da marca indicada que confirme o/a inscrito/a na inscrición.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Quen participe comprométense a aceptar o presente regulamento e calquera posible modificación da proba obrigada por causas alleas á vontade da organización. A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se inclúen neste regulamento.

Todo/a participante inscrito/a declara:

- ✓ Que se considera nun estado de saúde óptimo para participar no Gran Fondo - Medio Maratón de Pontevedra.
- ✓ Que ten lido, entendido, aceptado e se compromete a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- ✓ Que exime de responsabilidade á Organización pola perda de obxectos persoais ou roubo, así como como por calquera contaxio de calquera enfermidade que puidera sufrir durante o evento deportivo.
- ✓ Que autoriza sen contraprestación algunha a que a Organización faga uso de calquera tipo de material audiovisual no que poida figurar o/a participante, aceptando a publicación do seu nome completo na clasificación da proba, nos medios de comunicación, e/ou internet.
- ✓ Conforme á L.O. 03/2018, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é a Sociedad Gimnástica de Pontevedra con domicilio social na Rúa Xoán Manuel Pintos s/n 36005 Pontevedra. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para o Gran Fondo - Medio Maratón así

como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada, axuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte o presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

4. INSCRICIÓN

As persoas empadroadas en Pontevedra (ou que estiveran federadas por un club inscrito na Federación Galega de Atletismo, con sede social no termo municipal de Pontevedra) terán dous prazos, e as que non estiveran empadroadas en Pontevedra só terán o “segundo prazo” (en caso de que non se cubriran as prazas no primeiro prazo), e terán que facelo en <https://emesports.es>, sen aceptar inscricións fora de prazo. O custo único da inscrición é de 25€.

A inscrición da carreira é persoal e intransferible, e non se devolverá o importe da inscrición en ningún caso salvo baixa médica acreditada presentada antes do 18 de outubro (incluído) e enviada a info@sgpontevedra.com. En caso contrario, non se fará o reembolso.

Aqueles participantes e acompañantes que proveñan ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica por COVID, inescusablemente deberán comunicarllo de forma veraz ao Servizo Galego de Saúde a través de

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Benvida-viaxeirxs?idioma=ga>

no que ademais se especifican cales son estas zonas. Esta comunicación deberá ser completada por cada un dos viaxeiros/as, que serán responsables de que a información subministrada sexa veraz e precisa. En caso de menores de idade, persoas dependentes ou incapacitadas, a declaración será cuberta polo seu titor, que se fará responsable da veracidade da información subministrada.

PRIMEIRO PRAZO

Este prazo abrirase **só para as persoas empadroadas no Concello de Pontevedra (ou que estiveran federadas por un club inscrito na Federación Galega de Atletismo, con sede social no termo municipal de Pontevedra)**, dende as 07.00h do 6 de outubro ata as 23.59h do 7 de outubro de 2020, ata un máximo de 280 prazas.

No caso de que o/a deportista se inscriba como desempregado/a (só neste primeiro prazo) devolveráselle a cota de participación polo mesmo sistema de pago; a persoa beneficiaria terá que contar cun “Documento Acreditativo de Rexistro como Demandante de Emprego” (D.A.R.D.E.) dun Servizo Público de Emprego en vigor ese día (que terá que presentar inescusablemente ao recoller o seu dorsal). En caso da non presentación do documento acreditativo, non se lle devolverá a cota de participación.

OLLO: O CONCELLO DE PONTEVEDRA REVISARÁ O SUPOSTO EMPADROAMENTO DE TODAS AS PERSOAS INSCRITAS E SI NON FIGURA NO PADRÓN OFICIAL DE HABITANTES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA QUEDARÁ EXCLUIDO DEFINITIVAMENTE DESTA EDICIÓN 2020

	Requisitos (Idade entre 18 e 65 anos e...)	2020		€	Desconto Desemprego
		Hora inicio	Hora fin		
Primeiro Prazo	Estar empadroado no Concello de Pontevedra, ou federado/a nun Club local FGA	07h do 6/X	23.59h do 7/X	25	Si
Segundo Prazo	Non importa o empadroamento	15h do 8/X	23.59h do 11/X	25	Non

A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se devolverá o importe da inscrición en ningún caso salvo baixa médica acreditada, presentada antes do 18 de outubro (incluído) e enviada a info@sgpontevedra.com

SEGUNDO PRAZO

Coas prazas restantes non facilitadas que non se cubriaran no “primeiro prazo”, abrírase un segundo prazo **para todas as persoas interesadas (sen ter en conta o empadroamento local)** que cumprindo os requisitos queiran participar, dende as 15.00h do 8 de outubro ata as 23.59h do 11 de outubro. Non haberá desconto de desempregado/a.

5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente **un dorsal no peito e outro no lombo**, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

OPCIÓN	DATA	LUGAR	PREZO
1		Tenda Miler r/ Peregrina 6 (soto) Pontevedra	0€
2	Do 13/X ao 17/X	Puntos de recollida establecidos por EMEsports (fora de Pontevedra)	0€
3		Recepción no enderezo particular	8€

Non se entregarán dorsais o mesmo día da proba. Quen non se presente co dorsal non poderá participar.

6. SINATURA DA ACREDITACIÓN DE ESTADO DE SAÚDE

No día anterior á proba cada deportista recibirá no seu correo-e presentado na inscrición un documento para indicar que nos 10 días previos non percibiu en si mesmo síntomas compatibles co COVID19. Terá que cubrir con bolígrafo, asinar e entregar este documento impreso na entrada á zona de presaída (incluso poderá facelo antes de iniciar o quecemento).

DURANTE A XORNADA DA CARREIRA

7. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS.

Non se entregarán dorsais nin chips o día da proba.

8. ESTACIONAMENTO OFICIAL

O estacionamento oficial será no vial superior da antiga factoría de TAFISA (acceso pola rúa José Malvar, vindo dende a estación do tren e autobuses) e sempre aparcados no sentido da marcha do tráfico rodado. Zona azul no plano.



9. ZONA DE QUECEMENTO


Se recomenda o uso de máscara durante o quecemento, en especial cando non se poda garantir a distancia interpersonal, que durante o quecemento a de ser superior a 5mts.

O quecemento poderá facerse oficialmente na zona da antiga factoría de TAFISA sempre circulando pola dereita de calquera carril e cumprindo a normativa en vigor en referencia á máscara, á distancia de seguridade entre deportistas e á hixiene de mans.

Haberá voluntarios/as da Sociedad Gimnástica de Pontevedra con xel hidroalcohólico pola zona para reiterar os horarios, resolver dúbidas, e axudar coas medidas de saúde públicas.

Non haberá gardarroupa, polo que cada persoa poderá deixar o seu equipamento persoal antes de entrar na zona de presáida en casa, no coche, a unha persoa convivinte,...

Haberá urinarios masculinos verticais e cabinas WC para sentarse (homes e mulleres) PERO POR FAVOR SON SÓ PARA SENTARSE e non son para orinar os homes.



10. PRESAIDA E SAÍDA

Todos os deportistas terán que presentarse á porta da zona de presáida exactamente 10 minutos antes da súa saída para ser ubicados nun lugar axeitado, para non ter acumulacións de persoas.

Os dorsais asignaranse atendendo á orde de saída de xeito que o primeiro en saír levará o dorsal 1 e o último o 300. As saídas serán de 2 en 2 deportistas cada 20" e percorreren os primeiros 100 metros por un carril diferenciado.

A orde de saída establecerase previamente en función das marcas acreditadas polos participantes, saíndo os mellores tempos os/as primeiros.

Na primeira tanda o dorsal número 1 e 2 sairán ás 09.00.00h, os dous seguintes aos vinte segundos, os dous seguintes aos vinte segundos,..... ata o dorsal 149 e 150 que sairán ás 09.24.40h.

Na segunda tanda o dorsal número 151 e 152 sairán ás 10.15.00h, os dous seguintes aos vinte segundos, os dous seguintes aos vinte segundos,..... ata o dorsal 299 e 300 que sairán ás 10.39.40h. Todos terán un tempo máximo de 02h 10'00" para rematar.

Atendendo ao seguinte horario que, PODERÁN SUFRIR MODIFICACIÓNS EN FUNCIÓNS DOS INSCRITOS/AS:

Hora entrada presaiada	Hora saída	Dorsal Impar	Dorsal Par	Hora fin máximo
8:50:00	9:00:00	1	2	11:10:00
8:50:00	9:00:20	3	4	11:10:20
8:50:00	9:00:40	5	6	11:10:40
8:51:00	9:01:00	7	8	11:11:00
8:51:00	9:01:20	9	10	11:11:20
8:51:00	9:01:40	11	12	11:11:40
8:52:00	9:02:00	13	14	11:12:00
8:52:00	9:02:20	15	16	11:12:20
8:52:00	9:02:40	17	18	11:12:40
8:53:00	9:03:00	19	20	11:13:00
8:53:00	9:03:20	21	22	11:13:20
8:53:00	9:03:40	23	24	11:13:40
8:54:00	9:04:00	25	26	11:14:00
8:54:00	9:04:20	27	28	11:14:20
8:54:00	9:04:40	29	30	11:14:40
8:55:00	9:05:00	31	32	11:15:00
8:55:00	9:05:20	33	34	11:15:20
8:55:00	9:05:40	35	36	11:15:40
8:56:00	9:06:00	37	38	11:16:00
8:56:00	9:06:20	39	40	11:16:20
8:56:00	9:06:40	41	42	11:16:40
8:57:00	9:07:00	43	44	11:17:00
8:57:00	9:07:20	45	46	11:17:20
8:57:00	9:07:40	47	48	11:17:40
8:58:00	9:08:00	49	50	11:18:00
8:58:00	9:08:20	51	52	11:18:20
8:58:00	9:08:40	53	54	11:18:40
8:59:00	9:09:00	55	56	11:19:00
8:59:00	9:09:20	57	58	11:19:20
8:59:00	9:09:40	59	60	11:19:40
9:00:00	9:10:00	61	62	11:20:00
9:00:00	9:10:20	63	64	11:20:20
9:00:00	9:10:40	65	66	11:20:40
9:00:00	9:11:00	67	68	11:21:00
9:01:00	9:11:20	69	70	11:21:20
9:01:00	9:11:40	71	72	11:21:40
9:02:00	9:12:00	73	74	11:22:00
9:02:00	9:12:20	75	76	11:22:20
9:02:00	9:12:40	77	78	11:22:40
9:03:00	9:13:00	79	80	11:23:00
9:03:00	9:13:20	81	82	11:23:20
9:03:00	9:13:40	83	84	11:23:40
9:04:00	9:14:00	85	86	11:24:00
9:04:00	9:14:20	87	88	11:24:20
9:04:00	9:14:40	89	90	11:24:40
9:05:00	9:15:00	91	92	11:25:00
9:05:00	9:15:20	93	94	11:25:20
9:05:00	9:15:40	95	96	11:25:40
9:06:00	9:16:00	97	98	11:26:00
9:06:00	9:16:20	99	100	11:26:20
9:06:00	9:16:40	101	102	11:26:40
9:07:00	9:17:00	103	104	11:27:00
9:07:00	9:17:20	105	106	11:27:20
9:07:00	9:17:40	107	108	11:27:40
9:08:00	9:18:00	109	110	11:28:00
9:08:00	9:18:20	111	112	11:28:20
9:08:00	9:18:40	113	114	11:28:40
9:09:00	9:19:00	115	116	11:29:00

9:09:00	9:19:20	117	118	11:29:20
9:09:00	9:19:40	119	120	11:29:40
9:10:00	9:20:00	121	122	11:30:00
9:10:00	9:20:20	123	124	11:30:20
9:10:00	9:20:40	125	126	11:30:40
9:11:00	9:21:00	127	128	11:31:00
9:11:00	9:21:20	129	130	11:31:20
9:11:00	9:21:40	131	132	11:31:40
9:12:00	9:22:00	133	134	11:32:00
9:12:00	9:22:20	135	136	11:32:20
9:12:00	9:22:40	137	138	11:32:40
9:13:00	9:23:00	139	140	11:33:00
9:13:00	9:23:20	141	142	11:33:20
9:13:00	9:23:40	143	144	11:33:40
9:14:00	9:24:00	145	146	11:34:00
9:14:00	9:24:20	147	148	11:34:20
9:14:00	9:24:40	149	150	11:34:40
10:05:00	10:15:00	151	152	12:25:00
10:05:00	10:15:20	153	154	12:25:20
10:05:00	10:15:40	155	156	12:25:40
10:06:00	10:16:00	157	158	12:26:00
10:06:00	10:16:20	159	160	12:26:20
10:06:00	10:16:40	161	162	12:26:40
10:07:00	10:17:00	163	164	12:27:00
10:07:00	10:17:20	165	166	12:27:20
10:07:00	10:17:40	167	168	12:27:40
10:08:00	10:18:00	169	170	12:28:00
10:08:00	10:18:20	171	172	12:28:20
10:08:00	10:18:40	173	174	12:28:40
10:09:00	10:19:00	175	176	12:29:00
10:09:00	10:19:20	177	178	12:29:20
10:09:00	10:19:40	179	180	12:29:40
10:10:00	10:20:00	181	182	12:30:00
10:10:00	10:20:20	183	184	12:30:20
10:10:00	10:20:40	185	186	12:30:40
10:11:00	10:21:00	187	188	12:31:00
10:11:00	10:21:20	189	190	12:31:20
10:11:00	10:21:40	191	192	12:31:40
10:12:00	10:22:00	193	194	12:32:00
10:12:00	10:22:20	195	196	12:32:20
10:12:00	10:22:40	197	198	12:32:40
10:13:00	10:23:00	199	200	12:33:00
10:13:00	10:23:20	201	202	12:33:20
10:13:00	10:23:40	203	204	12:33:40
10:14:00	10:24:00	205	206	12:34:00
10:14:00	10:24:20	207	208	12:34:20
10:14:00	10:24:40	209	210	12:34:40
10:15:00	10:25:00	211	212	12:35:00
10:15:00	10:25:20	213	214	12:35:20
10:15:00	10:25:40	215	216	12:35:40
10:16:00	10:26:00	217	218	12:36:00
10:16:00	10:26:20	219	220	12:36:20
10:16:00	10:26:40	221	222	12:36:40
10:17:00	10:27:00	223	224	12:37:00
10:17:00	10:27:20	225	226	12:37:20
10:17:00	10:27:40	227	228	12:37:40
10:18:00	10:28:00	229	230	12:38:00
10:18:00	10:28:20	231	232	12:38:20
10:18:00	10:28:40	233	234	12:38:40
10:19:00	10:29:00	235	236	12:39:00
10:19:00	10:29:20	237	238	12:39:20

10:19:00	10:29:40	239	240	12:39:40
10:20:00	10:30:00	241	242	12:40:00
10:20:00	10:30:20	243	244	12:40:20
10:20:00	10:30:40	245	246	12:40:40
10:21:00	10:31:00	247	248	12:41:00
10:21:00	10:31:20	249	250	12:41:20
10:21:00	10:31:40	251	252	12:41:40
10:22:00	10:32:00	253	254	12:42:00
10:22:00	10:32:20	255	256	12:42:20
10:22:00	10:32:40	257	258	12:42:40
10:23:00	10:33:00	259	260	12:43:00
10:23:00	10:33:20	261	262	12:43:20
10:23:00	10:33:40	263	264	12:43:40
10:24:00	10:34:00	265	266	12:44:00
10:24:00	10:34:20	267	268	12:44:20
10:24:00	10:34:40	269	270	12:44:40

10:25:00	10:35:00	271	272	12:45:00
10:25:00	10:35:20	273	274	12:45:20
10:25:00	10:35:40	275	276	12:45:40
10:26:00	10:36:00	277	278	12:46:00
10:26:00	10:36:20	279	280	12:46:20
10:26:00	10:36:40	281	282	12:46:40
10:27:00	10:37:00	283	284	12:47:00
10:27:00	10:37:20	285	286	12:47:20
10:27:00	10:37:40	287	288	12:47:40
10:28:00	10:38:00	289	290	12:48:00
10:28:00	10:38:20	291	292	12:48:20
10:28:00	10:38:40	293	294	12:48:40
10:29:00	10:39:00	295	296	12:49:00
10:29:00	10:39:20	297	298	12:49:20
10:29:00	10:39:40	299	300	12:49:40

Os/as corredores/as deberán presentar fisicamente con mascarilla, preferiblemente desbotable, na zona de presáida E NON RETIRALA ATA RECIBIR A INSTRUCCIÓN DA ORGANIZACIÓN XUSTO ANTES DA SAÍDA, nese momento antes de sair, a máscara depositarase no lixo, ou no seu defecto, o corredor/a a levará consigo durante a proba.

AQUELES/AS ATLETAS QUE NON SE PRESENTEN NO MOMENTO NA PRESÁIDA, NON PODERÁN PARTICIPAR.

11. ARBITRAXE DURANTE A CARREIRA

A proba forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA), polo que contaremos co control de do Comité Galego de Xuíces da FGA. Ademais, Haberá xuíces ao longo de todo o percorrido identificados/as e conectados/as por radio cun Control Central de Penalizacións (CCP). A maiores haberá dous xuíces identificados en moto que tamén actuarán sen previo aviso ao longo de todo o circuíto.

Estes xuíces notificarán a penalización por radio ao CCP e avisarán ao propio deportista a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor amarelo). En caso de que o CCP detecte que hai dúas penalizacións dun mesmo deportista, este dará a instrución aos xuíces de anunciar ao deportista afectado, o antes posible, a súa descualificación da proba a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor vermello).

12. PENALIZACIÓNS E DESCUALIFICACIÓNS.

Será obrigatorio cumprir o protocolo COVID19 para o desenvolvemento da proba, publicado na web www.emesports.es. Todo/a aquel/a que non o cumpra poderá ser descualificado (incluso antes de comezar a competición). Non se permite:

- ✓ Correr xusto tras outro/a participante a unha distancia inferior a 10 m; seguindo as pautas do estudo de B. Blocken, F. Malizia, T. van Druenen e T. Marchal titulado "Towards aerodynamically equivalent COVID19 1.5 m social distancing for walking and running" ("Hacia una distancia social para correr y caminar,

aerodinamicamente equivalente al 1,5m”)

http://www.urbanphysics.net/Social%20Distancing%20v20_White_Paper.pdf

- ✓ Adiantar a outro/a participante a menos de 2 metros de distancia lateral.
- ✓ Incumplir o protocolo COVID da proba.
- ✓ Non levar axeitadamente os dous dorsais en peito e lombo, e/ou o chip oficial de control de tempos.
- ✓ Non realizar o percorrido completo.
- ✓ Manifestar un mal estado físico evidente.
- ✓ Manifestar un comportamento non deportivo coa Organización, cos outros deportistas ou co público.
- ✓ Fagan protestas maleducadas, ou se reitere en protestas ante a Organización.

Haberá xuíces ao longo de todo o percorrido identificados/as e conectados/as por radio cun Control Central de Penalizacións (CCP). A maiores haberá dous xuíces identificados en moto que tamén actuarán sen previo aviso ao longo de todo o circuíto.

Estes xuíces notificarán a penalización por radio ao CCP e avisarán ao propio deportista a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor amarelo). En caso de que o CCP detecte que hai dúas penalizacións dun mesmo deportista, este dará a instrución aos xuíces de anunciar ao deportista afectado, o antes posible, a súa descualificación da proba a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor vermello).

No caso de que o/a deportista non cumpra estes tempos máximos de paso polo Km 10 en máximo de 1h00'00”, e de paso pola liña de meta en máximo de 2h10'00” poderá ser descualificado en calquera momento.

O servizo médico da competición, ou o persoal de Organización, están facultados para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

Todo/a aquel/a corredor/a descualificado/a recibirá unha máscara e deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto inmediatamente.

13.SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de “Seguro de Responsabilidade Civil” e dun “Seguro de Accidentes”. Haberá dúas ambulancias e dous médicos para a atención.

14. PERCORRIDO.

Terá unha lonxitude de 21.097 metros, nun circuío NON HOMOLOGADO, urbano, pechado ao tráfico e sobre asfalto e terra ao que se lle dará dúas voltas. Cada quilómetro sinalarase visualmente, e o tempo máximo para percorrer a distancia será de 2 horas e 10 minutos.

A SAÍDA será dende a rúa José Malvar, rotonda da ponte dos Tirantes, Avda. de Bos Aires (dirección Marín), Avda. Uruguai (xiro de 180º antes da rotonda Sur da ponte das Correntes), Avda. Uruguai, Avda. Bos Aires, Ponte de Santiago, Enxeñeiro Rafael Areses, Alexandre Bóveda, Fernández Cochón, xiro de 180º sobre a ponte de Santiago, Fernández Cochón, Celso Emilio Ferreiro, pasa por diante do IES Xunqueira II, rúa entre os campos de herba sintética Manolo Barreiro e a Facultade de Forestais, rúa entre Forestais e Fisioterapia, rotonda central do Campus, vial entre Forestais e Ciencias Sociais, xiro de 180º e retorno á rotonda central do Campus, rúa entre os campos de herba sintética Manolo Barreiro e Forestais, IES Xunqueira II, Celso Emilio Ferreiro, Alexandre Bóveda, Enxeñeiro Rafael Areses, Illa das Esculturas (terra), "Raqueta" completa (terra), Enxeñeiro Rafael Areses, Ponte dos Tirantes, Av. Bos Aires, xiro de 180º na praia fluvial, Av. Bos Aires, rotonda da ponte dos Tirantes, e inicio de segunda volta para que ao rematar a segunda volta poda entrar de novo en José Malvar e META.

15. AVITUALLAMENTO

Haberá auga no circuío cada 5 km aproximadamente. As botellas estarán dispostas sobre unha mesa, onde o/a participante será quen de coller o seu propio avituallamento, abrílo e bebelo.

Haberá colectores de lixo ao longo do circuío preto dos avituallamentos polo que



agradecemos encesten as botellas dentro.

16. CHIP DE CRONOMETRAXE

Estableceranse controis de cronometraxe “alfombras” de chips por todo o percorrido co propósito de verificar que todos os/as atletas cobren a totalidade do percorrido no mesmo sentido da carreira. É obrigatorio pasar por enriba das alfombras de cronometraxe dispostas ao longo do percorrido. Os atletas que non teñan todos os rexistros na orde axeitada serán descualificados.

17. PERSOAS NON INSCRITAS

Toda aquela persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuíto.

POSTERIOR Á CARREIRA

18. OUTROS

Na liña de meta, os participantes recibirán unha máscara que deberán colocar tan pronto como sexa posible. Tamén terán unha bolsa de produtos alimenticios, bebidas.

Non haberá nin servizo de fisioterapia, nin duchas, nin zona de espera, nin cambiadores.

Unha vez rematada a carreira, os/as deportistas deberán abandonar a zona de competición o antes posible.

19. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

20. PREMIACIÓN E PREMIOS.

A cerimonia de entrega de premios do Gran Fondo - Medio Maratón Pontevedra 2020 efectuarase a partir das 12:30h na zona de meta. Os/as atletas con dereito aos premios deberán estar presentes na mesma, podendo delegar noutra persoa. Se non estivese presente ao inicio do acto, entenderase que renuncia ao premio material e económico.

Recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as individuais da categoría ABSOLUTA masculina e feminina.

Establécense os seguintes premios en metálico para a categoría absoluta:

		1º	2º	3º
ABSOLUTA	Masculina	150€	100€	50€
	Feminina			

Para ter opción aos premios en metálico é requisito imprescindible facer un tempo igual ou inferior a 1h14'00" en homes e 1h30'00" en mulleres. Requirirase o D.N.I. ou documento análogo, aos atletas premiados.

A zona de entrega de medallas terá o perímetro completamente pechado e para acceder a ela é imprescindible o uso da mascarilla.

A saída será polo lado contrario ao de entrada para evitar os cruces de ida e volta.

Só poderán permanecer nesta zona os deportistas con dereito a premio, as autoridades que fagan as entregas, e o persoal de staff e voluntariado necesario para a entrega.

Na zona de premiación so poderán acceder os medios de comunicación acreditados.



Máis info www.emesports.com // www.sgpontevedra.com

GRAN FONDO
PONTEVEDRA

PROTOCOLO COVID DO GRAN FONDO E MEDIO MARATÓN 20

Partindo do protocolo [FISICOVID-DXTGALEGO](#), a continuación, establécense as medidas de seguridade sanitaria a levar a cabo durante este evento. En primeiro lugar descríbense medidas de carácter xeral para todos os/as asistentes, e posteriormente, e de forma máis concreta, establécense medidas específicas clasificadas nos momentos anterior, durante e despois do evento deportivo.

MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19 (febre, tose ou falta de alento). Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estalo, débese evitar a asistencia ao evento, poñéndose en contacto de forma inmediata cos servizos sanitarios. [Autotest SERGAS](#)
- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible, para asistir ao evento. De non ser así, empregar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara.
- Manter a distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros entre todas as persoas antes da proba, e mínimo de 2 metros para os/as deportistas durante a proba.
- O uso da máscara é obrigatorio, agás no momento específico da práctica deportiva, tras recibir a orden do persoal de Organización.
- Cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou esbirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón, ou con xel hidroalcohólico.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Evitar o saúdo con contacto físico.
- Non compartir alimentos, bebidas ou similares.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO

ANTES DO EVENTO

Staff

- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 10 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansanzo, tose seca e/ou dificultade para respirar) e que non

estiveron en contacto con ningunha persoa positiva en COVID19 (**ANEXO I**)

- Cada persoa terá a súa función na montaxe da infraestrutura, evitando compartir materiais e espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.
- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavarase as mans con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc. Levar sempre a máscara posta, ventilar o vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)

Deportistas

- Serán responsables de portar máscara ata o inicio da proba.
- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 10 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansazo, tose seca e/ou dificultade para respirar) e que non estiveron en contacto con ningunha persoa positiva en COVID19 (ANEXO I) Dito documento entregárase cuberto na entrada da zona de pesaída.
- O quecemento realizarase nas zonas habilitadas a tal efecto na antiga explanada de TAFISA respectando sempre as distancias de seguridade. O uso da máscara será obrigatorio se non se pode garantir a distancia de seguridade interpersoal, ou cando o quecemento se faga en grupo.
- No acceso da cámara de chamadas os participantes lavarán as mans con hidroxel.
- Para o acceso á zona de pesaída, deberán portar máscara desbotable, que se botará ao lixo xusto antes de iniciar a saída.
- Dentro do espazo de cámara de chamadas os deportistas deberán situarse nos espazos indicados, respectando a distancia de seguridade e portando máscara.
- Na zona de saída os deportistas colocaranse nas referencias indicadas no chan, e xusto antes de saír botarán a máscara ao lixo.

DURANTE O EVENTO

Staff

- Cada unha das persoas da organización terá unha única función.

Deportistas

- Os adiantamentos deberán realizarse coa separación mínima de 2 m. entre deportistas.
- Os participantes non poderán ir correndo un detrás de outro, deberá manterse unha distancia mínima de 10 metros.
- Os participantes deberán transitar polo marxe dereito do carril habilitado para a carreira.
- No caso de ser descualificados, o xuíz que comunique dita descualificación, fará entrega dunha máscara para que o/a corredor/a retire o seu dorsal e abandone o circuíto.

Público

- Os/as espectadores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal e usar máscara en todo momento, segundo o establecido polas autoridades competentes.

- Non se permitirá público nas zonas de pre saída, saída, meta e zona de premiación.

DESPOIS DO EVENTO

Staff

- Cada persoa terá a súa función na recollida da infraestrutura, evitando compartir materiais e espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.
- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavarase as máis con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc. Levar sempre a máscara posta, ventilar o vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)

Deportistas

- Ao cruzar a liña de meta, cada participante recibirá unha máscara que deberá colocar tan pronto como sexa posible, e xa non a poderá sacar en ningún momento.
- Unha vez rematada a proba, os/as deportistas, mantendo sempre a distancia de seguridade interpersonal, recollerán o seu avituallamento e abandonarán a zona de competición o antes posible.
- Como queira que a máscara é obrigatoria en todo momento, agás no momento da actividade física, os/as deportistas premiados deberán portar máscara na cerimonia de premiación.

Cerimonia de premiación

- O podio debe proporcionar unha distancia de 1,5 m entre os premiados/as.
- Os atletas subirán ao podio e recollerán eles mesmos a súa medalla da bandexa.
- Non se recomenda a entrega de flores e outros obsequios.
- Será obrigatorio o uso de máscara durante a premiación.
- Só se permitirá un VIP no escenario para cada cerimonia e pediráselle que non teña contacto físico cos atletas.
- Marcaranse no chan as zonas de espera, cunha distancia de 1,5 metros.
- Só un voluntario participa nas cerimonias que preparará os trofeos en bandexas separadas para cada atleta.
- O voluntario deberá utilizar máscara.
- O voluntario debe desinfectar as bandexas despois de cada entrega.
- Disporanse dispensadores de solucións hidro-alcohólicas e toallas desbotables.
- Deben evitarse os saúdos de mans ou os abrazos entre os atletas en todo momento.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE GRAN FONDO MMP 2020

D/D^a _____ DNI/NIE _____

Quero participar no Medio Maratón de Pontevedra 2020 que é unha proba organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra o día 18 de outubro de 2020, e polo tanto

DECLARO:

- ✓ Que antes de saír cara a actividade deportiva teño realizado o auto test do SERGAS, non manifestando ningún síntoma de COVID-19 (febre, tose, ou falta de alento).
- ✓ Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- ✓ Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- ✓ Que cumpro os requisitos de admisión establecidos no documento Protocolo COVID obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- ✓ Que non convivo con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- ✓ Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

SOLICITO: Participar tras ter lido con detalle a información proporcionada pola propia organización acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo, e polo tanto

Asinado en _____, a _____ de _____ de 2020